

«AXUDAS PARA INCENTIVAR A CONSOLIDACIÓN INVESTIGADORA» 2025 INSTRUCCIÓN PARA PRESENTAR AS DECLARACIÓN DE INTERESE

A Agencia Estatal de Investigación xunto co Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades vén de anunciar a convocatoria por tramitación anticipada para o ano 2025 do procedemento de concesión de axudas para incentivar a consolidación investigadora que se pode consultar no seguinte enlace: [Axudas para a incentivar a consolidación investigadora 2025](#)

As instrucións contidas neste documento teñen o obxectivo de ordenar o procedemento interno de recepción de declaracións de interese da Universidade de Vigo para comprobar que as persoas interesadas reúnen os requisitos para poder presentarse á devandita convocatoria e seleccionar as candidaturas que presentará.

Os prazos establecidos veñen limitados polas datas de presentación de solicitudes establecidas pola convocatoria ministerial fixadas entre o 24 de xuño e o 15 de xullo ás 14.00 hora peninsular de 2025.

Finalidade das axudas

A finalidade destas axudas é fomentar a consolidación da carreira profesional de persoas investigadoras para que poidan desenvolver a súa carreira profesional dentro do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e de Innovación (SECTI), incentivando a creación de prazas de carácter permanente nas institucións de adscrición e facilitando o inicio ou o afianzamento dunha liña de investigación mediante o financiamento dun proxecto propio de I+D+i así como a adecuación e renovación dos espazos e laboratorios e a mellora do equipamento necesarios para a súa execución.

Características das axudas

As actividades financiadas incluídas nas actuacións, a realizar con carácter obrigatorio son:

- a) Incentivo para a creación e cobertura dunha praza permanente na área de coñecemento da/do IP de actuación que non poderá superar o 100% do coste salarial da devandita praza permanente correspondente a unha anualidade.
- b) Execución dun proxecto propio de I+D+i liderado pola/o IP da actuación.

As actuacións poderán financiar tamén a adecuación de espazos, renovación de laboratorios e similares necesarios para o inicio e o afianzamento da liña de investigación aínda que esta actividade non é de carácter obrigatorio.

A duración das actuacións será de 2 anos e o importe máximo da axuda, con carácter xeral, será de 200.000 euros por actuación onde se inclúen os custos directos e os indirectos.

Quen pode presentar unha solicitude?

As solicitudes serán individuais de cada investigadora ou investigador que actuará como IP e poderán presentalas quen se inclúa nas figuras sinaladas máis abaixo e teñan consumido, se é o caso, o período indicado, sempre que reúnan os requisitos sinalados no artigo 7 das bases da convocatoria entre os que están a posesión da acreditación R3/I3.

Ademais, deberá dispoñerse da acreditación a Profesorado Titular de Universidade.

1. Figuras que poden presentar solicitude se teñen consumido un mínimo de dous anos na figura correspondente:

- Persoal investigador contratado mediante unha axuda Ramón y Cajal.
- Persoal investigador contratado mediante unha axuda Juan de la Cierva Incorporación.
- Persoal investigador contratado a través dunha axuda Beatriz Galindo.

2. Figuras que poden presentar solicitude sen necesidade de ter consumido dous anos na figura correspondente

- Persoal investigador contratado mediante o Programa de Retención de Talento Investigador da Universidade de Vigo ou da Xunta.

Todos os requisitos e acreditacións, incluído a posesión do R3/I3, deben ser cumpridos **a 24 de xuño de 2025**, data de inicio de presentación de solicitudes na AEI.

Criterios de selección de candidaturas

Avalaranse un **máximo de 10 candidaturas** que serán seleccionadas pola Comisión de Investigación conforme aos seguintes criterios:

- Data máis antiga de obtención de acreditación a titular de universidade.
- Data máis antiga de obtención da acreditación R3/I3.
- En caso de empate considerarase a antigüidade na figura.

O persoal investigador que solicite esta convocatoria deberá pedir necesariamente o incentivo para a creación e cobertura dunha praza permanente na súa área de coñecemento.

Tramitación da declaración de interese

1. Presentar a través da sede electrónica mediante unha instancia xenérica SXER dirixida ao Servizo de Recursos Humanos de Investigación, antes do **24 de xuño de 2025 ás 14.00 horas**, o formulario asinado electronicamente xunto coa documentación que se solicita.
2. Unha vez comprobado que se cumpren os requisitos exixidos, a Comisión de Investigación fará a selección conforme ao indicado nestas instrucións para que se presente a solicitude que, seguindo as bases da convocatoria de axudas de consolidación, deberá elaborar a persoa interesada que figurará como IP.